



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE MARZO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaoito de marzo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas o pasado once e trece de marzo de dous mil trece (ordinaria e extraordinaria respectivamente).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**LICENZA DE APERTURA E ENTRADA EN FUNCIONAMENTO RIB/C/01.2/13 .-**

Visto o escrito presentado por **Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de GALICIA AUTO ESTAMPACIONES S.A con DNI nº 36.129.344-R e CIF nº A-36541977**, onde solicita Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento dunha edificación destinado a fabricación de produtos metálicos laminados mediante soldeo y estampación no vial nº 3, parcelas 27 a 38, 2ª Fase, Parque Empresarial de Ribadavia, en San Cristovo

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 12 de marzo de 2012 no que se conclue o seguinte:

*“Realizada visita a nave Galicia Auto Estampación S.A. en data 11 de marzo de 2013, compróbase que as deficiencias detectadas na visita do 3 de xaneiro de 2013, están subsanadas.*

*Informase favorablemente á concesión da solicitada Licenza de Apertura”.*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Outorgar a Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento para a fabricación de produtos metálicos laminados mediante soldeo y estampación a Don Oscar Filgueira Feijoo, en representación de GALICIA AUTOESTAMPACIONES S.A., no vial nº 3, parcelas 27 a 38, 2ª Fase, Parque Empresarial de Ribadavia, en San Cristovo, en base ao informe técnico transcrito, devendo satisfacer en concepto de taxa por licenza de apertura a cantidade de 1237,84 euros.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito da Empresa Aqualia, con data RE 11 de marzo de 2013 nº RE 1024, relativo a “actualización IPC año 2012 Ordenanza Fiscal nº 11 y 26”.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda autorizar a actualización das citadas ordenanzas para o ano 2013.

2. Escrito de Don David Mendez Cepeda en representación de EULEN S.A., con data RE 13 de marzo de 2013 nº RE 1061, relativo a solictude de resolución do contrato denominado xestión de sala de musculación do polideportivo o Consello e devolución da fianza, como consecuencia do impago de diversas facturas por parte do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda resolver o contrato denominado xestión de sala de musculación do polideportivo o consello como consecuencia da dificultade de facer fronte as facturas presentadas, acordando asimesmo a devolución do importe da garantía definitiva por importe de 2600 euros.

3. Escrito de Dona Inés Vázquez Veiga, con data RE 13 de marzo de 2013 nº RE 1067, relativo a reclamación previa á vía xudicial.
4. Escrito de Dona Isabel Juste Gulin, con data RE 1 de marzo de 2013 nº RE 885, relativo a reclamación previa.
5. Escrito de Don Edmundo Araujo Gándara, con data RE 7 de marzo de 2013 nº RE 981, relativo a solictude de paralización da actual licitación do concurso de recaudación, e que a prestación se realice polo concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda comunicarlle que polo grupo do BNG, se realice unha proposta económica detallada na que se reflexen os posibles aforros de custos que podería implicar esa medida, en cuio caso se procederá ao seu estudo.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

#### CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

1.- Visto o expediente a nome de **DONA FIDELINA RODRÍGUEZ CENTRÓN** con DNI nº 34.422.309-A, con domicilio na Rúa Freás nº 15, en Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 3º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cristovo, na obra sita na Rúa Freás nº 15, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:


1. Comunicación do Xulgado do Social nº 4 Ourense, con data RE 4 de marzo de 2013 Nº RE 897, relativa a cédula de notificación do Procedemento Ordinario 824/2012.
2. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, con data RE 11 de marzo de 2013 Nº RE 1022, relativa “Solicitud de informe de viabilidad sobre las obras de rehabilitación y acondicionamiento del área Da Veronza en zona de policía de la margen derecha del río Avia y del Arroyo De Gaiteira, término municipal de Ribadavia (Ourense)”.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS.-

Que ao abeiro da ordenanza municipal de data 27 de xullo de 2010, publicada no BOP nº 256 o día 6 de novembro de 2010, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para as que se solicita a súa cualificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 2066/2008, de 12 de decembro, e no D 402/2009, do 22 de outubro, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 29 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e do Casco Antigo de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante nos expedientes e os informes da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia nos que se acredita a veracidade dos datos que a continuación se transcriben, por unanimidade dos asistentes acorda informar favorablemente as solicitudes propoñendo a aprobación das Cualificacións provisionais, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo, sendo estas as seguintes:




*Imo. Concello  
de  
Ribadavia*

Promotor/solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº Viviendas	m <sup>2</sup> útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	¿O promotor solicita derecho a préstamo comodato?	Subv. Prevista			ANUALIDADES XUNTA (IGVS)			ANUALIDADES MINISTERIO			
									Mº FOMENTO	XUNTA (IGVS)	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014
Oscar Carlón Armada	76.747.145 D	Rúa Xuiz Vilas, nº 8 A.	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv 1b) e 1c) edifiviv	1	56,00	25.264,55€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - 1º	art. 88.1a), 1b) e 1c) edifiviv	1	74,53	56.493,74€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - 2º	art. 88.1a), 1b) e 1c) edifiviv	1	74,53	56.493,74€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - 3º	art. 88.1a), 1b) e 1c) edifiviv	1	74,53	56.493,74€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - BC	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	67,18	50.922,44€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Mª Asunción Riquéz Abad	76.708.165 N	Rúa Xuiz Vilas, nº 9 - 1º	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	49,79	24.985,79€	12 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Mª Asunción Riquéz Abad	76.708.165 N	Rúa Xuiz Vilas, nº 9 - 2º	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	52,92	25.357,95€	12 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
As Casinás do Ribeiro, S.L.U.	B 22325.996	Rúa Mera Soto, nº 10	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	53,79	24.470,14€	24 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Mª Luísa Fdez. Moreiras	44.445.366 M	Rúa Porta Nova Arriba, 2-2º	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	65,24	26.436,29€	24 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Maria Diz Dominguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 1º A.	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	43,37	48.619,62€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Maria Diz Dominguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 1º B.	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	41,30	50.885,98€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Maria Diz Dominguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 2º A.	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	45,27	51.183,40€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Maria Diz Dominguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 2º B.	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	47,35	54.606,12€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Mª Monserrat López Fdez.	34.975.862 N	Praza Maior, nº 2 - 1º	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	59,99	37.825,26€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Mª Luísa López Fdez.	34.961.378 A	Praza Maior, nº 2 - 2º	art. 88.1a) edifiviv art. 88.1b) edifiviv	1	90,52	66.834,72€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00			
Sumas						697.924,16			99.000,00	75.000,00	20.000,00	15.000,00	15.000,00	40.000,00	26.400,00	19.800,00	52.800,00	

**Actuacións Urbanización - reurbanización**

Rúa/Praza Parque Robia	Descrición actuación Actuacións Urbanización - reurbanización	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo execución en meses	Subv. Prevista		PREVISIÓN ANUALIDADES IGVS E MINISTERIO		Subv.
				Mº FOMENTO	XUNTA (IGVS)	TODOS EN 2016	Subv. E MINISTERIO	
		87.463,01	12 meses	29.700,00	22.500,00	29.700,00	22.500,00	
	Sumas	87.463,01		29.700,00	22.500,00	29.700,00	22.500,00	



Imo. Concello  
de  
Ribadavia

Actuacións de rehabilitación.....														
Promotor/solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº Vivendas	m <sup>2</sup> útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	Z.O. promotor solicita dereito a préstamo convido?	Subv. Prevista	ANUALIDADES XUNTA (IGVS)	ANUALIDADES MINISTERIO			
Manuela Fernández Gómez	35.960.289-L	Rúa de Álzás nº 9	art. 58.1b)	1	132,8	21.252,30€	12 meses	NON	XUNTA (IGVS) 5.000,00€	2013	2014	2015	2015	5.000,00
Javier Iglesias Sendín e MP Constanza Iglesias Sendín	76.711.066 Y 34.925.888 P	Rúa Moreiras, nº 12	art. 58.1a), 1b)	1	30,00	13.389,23€	9 meses	NON	5.000,00€	5.000,00				5.000,00
<b>Sumas</b>						<b>34.641,53€</b>			<b>10.000,00€</b>	<b>10.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>5.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>5.000,00</b>

Actuacións Urbanización - reurbanización

Rúa/Praza	Descrición actuación	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo execución en meses	PREVISIÓN ANUALIDADES Subv. IGVS Y MINISTERIO	
				Subv. Prevista	IGVS Y MINISTERIO
RÚA FREÁS	ACTUACIÓN DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN RÚA FREÁS, 2ªFASE	36.561,57 €	12 meses	Mº Yº XUNTA (IGVS) 2.000,00 €	TODO EN 2016 2.000,00 €
	<b>Sumas</b>	<b>36.561,57 €</b>		<b>2.000,00 €</b>	<b>2.000,00 €</b>



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

#### **SOLICITUDE DE CAMBIO DE CONVENIO.-**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, visto o informe tecnico no que se dicia o seguinte:

*A data límite de Cualificación Definitiva do Expedientes de Actuación de Urbanización incluída no Convenio 11ª Fase - Obxectivos 2010 é decembro de 2013.*

*Na actualidade dita Actuación, con cargo o citado Convenio, non está previsto que se poda rematar na nomeada data.*

*É polo que, dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, proponse ó Concello de Ribadavia que se solicite ó Instituto Galego da Vivenda e Solo o traslado do citado Expediente ó Convenio 12ª Fase – Obxectivos 2011, o que conleva a renuncia do Expediente inicialmente tramitado, que é o seguinte:*

<i>Nº Exp.</i>	<i>Promotor</i>	<i>Enderezo Obra</i>	<i>Convenio Inicial</i>
<i>O-UR-0002/12</i>	<i>Concello de Ribadavia</i>	<i>Parque Robla</i>	<i>11º Convenio – Obxect. 20010</i>

Acorda solicitar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo o traslado do citado Expediente ó Convenio 12ª Fase – Obxectivos 2011, o que conleva a renuncia do Expediente inicialmente tramitado, que é o seguinte:

<i>Nº Exp.</i>	<i>Promotor</i>	<i>Enderezo Obra</i>	<i>Convenio Inicial</i>
<i>O-UR-0002/12</i>	<i>Concello de Ribadavia</i>	<i>Parque Robla</i>	<i>11º Convenio – Obxect. 20010</i>

#### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº1/13.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº1 /13, por importe de 37.076,60 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

#### **APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2013.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2013, por importe de 49.491,43 euros, tarifa de depuración por importe de 9.584,26 euros, máis 5.908,39 euros de IVE, resultando un total de 64.984,08 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2013, por importe de 22.378,65 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.258,19 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.493,18 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 16 de marzo de 2013 e o 15 de maio de 2013”.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

